

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 06/06/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

notificacións xgl 06-06-2022notificacións xgl 06-06-2022Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 06/06/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30-may-2022, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/1771

Dáse conta de escrito presentado por D. Miguel Angel Martínez García de desistimento no contrato de obras de reparación beirarrúa en Av. Rosalía de Castro, que lle foi adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 11 de abril de 2022, polo importe de 2.783,00 €.

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local queda sabedora do desistimento, deixando sen efecto a adxudicación ao Sr. Martínez García e acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa PMR MORAÑA (Maribel Elena Piedra Torres), para reparación de beirarrúa na Avda Rosalía de Castro, por un importe total de 2.783,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-210.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1873

Dáse conta da comunicación da Deputación de Pontevedra, da publicación na páxina web da deputación das condicións para a asistencia técnica aos Concellos da Rede Ágora. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1875

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Duende Instrumentos Musicales (Carlos Galbán Zaragoza) para o subministro dun Truss, para a Área de Comunicación, por un importe total de 2.536,10€ (IVE incluído), con cargo á partida 926.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1877

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Talleres Santiago Iglesias S.L. para aluguer de vehículo Nissan Navara Pick Up dobre cabina visia 4x4, por un importe total de 9.438,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 1530-204.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1883

Vista a proposta do Servizo Municipal de Protección Civil e Xestión de Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa INCIPRESA S.A.U., para a reparación de deficiencias detectadas na revisión anual obrigatoria dos equipos de excarcelación do citado Servizo, por un importe total de 5.028,99€ (IVE incluído), con cargo á partida 135.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1797

Dáse conta do escrito presentado por Asociación ALCER, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 01 de xuño de 2022.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1795

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nerea Eiras Torres, solicitando autorización para celebrar unha comida no exterior (Centro Cultural Areeiro) o sábado 28 de maio as 15:00 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1905

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Arbogal 2007, S.L. para a colocación de ancoraxe dinámica tipo "Cobra 2T" para o cableado de seguridade nas árbores de Praza Ravella e algunhas árbores puntais de Praza España e Alameda, por un importe total de 5.142,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 171.210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1894

Vista a proposta da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Fernando Campos Dono para o subministro de sonómetro homologado para medicións sonométricas en establecementos e vivendas, por un importe total de 4.232,58€ (IVE incluído), con cargo á partida 132.213..

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1896

Dáse conta do escrito presentado pola Asociación Deportiva e Cultural Encestarias, solicitando a colaboración municipal con motivo da celebración da clausura da MASTER SENIOR LEAGUE, o día 11 de xuño, en horario de 09:00 a 14:00 horas, na Praza de Galicia.

Dáse conta de resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais de colaboración coa cesión de material da citada Fundación.

Acórdase así mesmo a colaboración municipal coa cesión de carpa, mesa, cadeiras, etc, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.”

PRP2022/1697

Dáse conta do escrito presentado Espazo Xove Vilagarcía solicitando autorización para instalación dunha carpa informativa e un hinchable no Xardín Doutor Flemig o día 10 de xuño de 16:00 a 21:00 horas, para presentación á mocidade de Vilagarcía programas e actividades da Dirección Xeral de Xuventude e do propio espazo Xove.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá obedecer o disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando

- as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Deberá cumprirse en todo momento a normativa COVID vixente.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2022/1828

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de maio de 2022, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigaón a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 31.131,90 € con cargo á partida 323.48007.

Acórdase así mesmo aprobar o recoñecemento de obrigaón, por importe de 84,63 € en concepto de cota de un menor que causou alta na 2ª quincena do mes de febreiro e non foi incluído na facturación do citado mes.

EMPREGO

PRP2022/1871

Dase conta do acordó da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de data de 27 de maio de 2022, (BOPPO nº 102 de 30/05/2022) de aprobación da relación de concellos seleccionados para participar como entidades colaboradoras no programa de fomento da empregabilidade na provincia de pontevedra “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL 2022-2023” entre os que figura o Concello de Vilagarcía.

A través desta subvención fianciarase unha parte do custo laboral total dun contrato formativo por un período máximo dun ano a tempo completo.

O Concello de Vilagarcía, polo número de habitantes, ten dereito a contar con catro traballadores. A contía máxima das subvencións que se concederán por cada contrato formativo segundo a categoría e titulación requirida serán as seguintes:

Licenciatura/ grao ou diplomatura 1.300,00€/mes ata un máximo de 15.600?,00€

Ciclo superior de Formación Profesional 1.100,00€/mes ata un máximo de 13.200?,00€

Ciclo medio de Formación Profesional 900?,00€/mes ata un máximo de 10.800?,00€

A retribución polo tempo de traballo efectivo será a fixada no convenio colectivo aplicable para estes contratos ou no seu defecto a do grupo profesional e nivel retributivo correspondente ás funcións desempeñadas.

O salario non poderá ser inferior ao 70% para o grupo profesional e nivel retributivo correspondente ao nivel de estudos e funcións desempeñadas e, en ningún caso, poderá ser inferior ao SMI vixente.

O Concello correrá co gasto que debe suplementar ata acadar o custo laboral total que lle corresponda á súa categoría polo convenio colectivo aplicable, incluída a cota empresarial á Seguridade Social e os incentivos, produtividade e/ou outros conceptos salariais derivados da relación contractual coa entidade.

O período subvencionable dos contratos formativos será dun máximo dun ano e os contratos

deberán comezar o 1 de xullo de 2022.

Debe iniciarse o proceso de selección recollido nas bases do programa e a posterior realización dos contratos formativos por un período de 12 meses nas seguintes titulacións:

1 Diplomado/a Grao Educación Social

1 Diplomado/a Grao en Inxinería Técnica de Obras Públicas

1 Licenciado/a Grao en Socioloxía

1 Ciclo superior Animación Sociocultural y Turística

Polo tanto a solicitude de subvención para a contratación dos catro traballadores en formación sería de 60.000 € para un contrato a tempo completo por 12 meses, sendo a aportación do concello de 23.423,52€ por ese mesmo período, con cargo ás partidas 241.131 e 241.16000.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a citada subvención, así como a designación do persoal técnico seguinte para as actuacións como titores responsables da formación, da supervisión e apoio técnico ás persoas contratadas que impartirán todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices ás e aos traballadores/as, ademais de ser responsables da calidade técnica das tarefas que desenvolvan:

Irla Camba Rey titora do traballador/a en formación Diplomado/a Grao Educación social.

Juan José Rodríguez Cuiña titor do traballador/a en formación Diplomado/a Grao en Enxeñería Técnica de obras Públicas e titor do traballador/a en formación licenciado en Socioloxía

María Teresa García Romero titora do traballador/a Ciclo superior de Animación sociocultural e Turística.

PRP2022/1882

Dáse conta de proposta da Área de Promoción Económica para contratación da prestación de servizos de redacción do proxecto, para a instalación de placas de enerxía fotovoltaica na cuberta da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, xestión de punto de acceso e conexión coa empresa distribuidora e realización do certificado de cargas dos paneis na cuberta da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta das ofertas presentadas, seguintes:

- FACILITA Ingeniería, S.L., CIF B-70501317, con domicilio en Rúa Alfredo Vicenti 6, 3b,15702-Santiago de Compostela-: Orzamento por importe de 4.210,80 € IVE incluído.
- FRANCISCO MARTÍNEZ VÁZQUEZ Inxeniero Industrial, colegiado nº 1.445 en I.C.O.I.I.G. C/ LUGO Nº 6, 1º A, CP 15145, A LARACHA (A CORUÑA): Orzamento por importe de 3.370,00 € máis IVE.
- VERTIA INGENIERÍA S.L., Lugar de Pedamua,36, C.P:15188. Cerceda, A Coruña, CIF: B70483052: Orzamento por importe de 3.980,90 € IVE incluído.

Tendo en conta o exposto, á vista das ofertas presentadas, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de redacción de proxecto para a instalación de placas de enerxía fotovoltaica na cuberta da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa, dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde, xestión de punto de acceso e conexión coa empresa distribuidora e realización do certificado de cargas dos paneis na cuberta da praza de abastos de Vilagarcía de Arousa.á Empresa VERTIA INGENIERÍA S.L., por importe de 3.980,90 € IVE incluído, con cargo á partida 4312.22799, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1833

Os pasados días 6, 7 e 8 de maio levouse a cabo o evento ESPAVILA-Edición do Mar.

O evento financiouse con cargo á partida 431.1.22799 do orzamento vixente aprobándose en sesión de XGL do día 2 de maio de 2022 un gasto de 13.005,30 Euros IVE incluído, para o concepto de Dinamización de mercados tradicionais y acciones de Economía circular, showcooking 6 y 7 de mayo, a cargo da empresa ARTESA RIAS BAIXAS S.L. B36555274.

Para participar nos showcooking puxéronse a disposición da cidadanía a través da aplicación dixital VIVETIX tickets-reserva. A previsión inicial foi de 50 convidados, polo que o orzamento remitido por Artesa Rias Baixas por este concepto ascendía a 4.560,00 € incluíndo material funxible e material perecedeiro.

Posteriormente, foi preciso ampliar a encarga a cinco petiscos máis o que supuxo un incremento de 456 € nos conceptos antes indicados, provocando un incremento na factura final da empresa, con respecto ao orzamento inicialmente aprobado.

Tendo en conta o exposto, a factura final da empresa Artesa Rías Baixas, ascende a 13.525,38€ IVE incluído.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a modificación do gasto, ampliando o mesmo, ascendendo a un importe total de 13.525,38 € (IVE incluído), polo concepto de Dinamización de mercados tradicionais y acciones de Economía circular, showcooking 6 y 7 de mayo .
- A adxudicación a favor da Empresa ARTESA RIAS BAIXAS S.L. B36555274, polo importe indicado de 13.525.38 €, con cargo á partida 4311.22799.(13.005,30 da adxudicación realizada con data 02/05/2022, máis 456,00€ de incremento recollido no punto anterior)

PRP2022/1888

Dáse conta de Resolución da Consellería de Emprego e Igaldade, pola que se concede unha subvención a este Concello por importe de 160.220,7 € ao abeiro da Orde do 7 de xaneiro de 2022, para contratación por un período de 9 meses, a xornada parcial (75%), de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes de emprego, correspondendo aportar ao Concello 57.836,7 €, con cargo ás partidas 241.131 e 241.16000.

Procede a contratación de 15 persoas coa categoría de peóns:

- 4 Peóns de Obras Públicas
- 7 Peóns traballadores de Conservación de Parques Urbanos, Xardíns Históricos e Botánicos
- 4 Peóns Forestais

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención concedida, contratar ás persoas indicadas e designar como membro do grupo mixto de selección en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa a Dona Iria Camba Rey, Coordinadora da Área de Servizos Sociais, e como suplente a Dona Carmen María Abalo Fernández, Traballadora Social do Servizo.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/1884

Dáse conta da Orde do 5 de maio de 2022, pola que se modifica a Orde do 31 de decembro de

2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas municipais para o ano 2022, para adaptala ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Na citada Orde regulanse dous programas de subvencións:

Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas en formato físico.

Para o Programa B contempláanse unha serie de obrigas específicas, entre outras a presentación dos seguintes anexos antes do 20 de xuño de 2022:

- Anexo VI, de aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas.
- Anexo VII, de compromiso do cumprimento en relación coa execución de actuacións do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Anexo VIII, de compromiso de non desenvolver actuacións contrarias ao etiquetado verde e dixital e de non causar prexuízo significativo ao medio ambiente (DNSH).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Aceptar as modificacións introducidas na Orde.
- Remitir os anexos dentro do prazo sinalado.

PRP2022/1862

Vista a proposta do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto de aluguer dos pianos Steinway & Sons D274 para a V edición do Festival Internacional de Música e a adxudicación á empresa HIVES PIANOS S.L. de Madrid con CIF B18651901 segundo as especificacións que figuran na orzamento presentado, por un importe de total de 5.029,00 € + 1.056,09 € do IVE = 6.085,09 € e para o período comprendido entre o 27 de xuño e o 1 de xullo de 2022, ámbolos dous inclusive, con cargo á partida 2022 3261 205 do proxecto de orzamento con código 2022-3-CRRTE-6 para o Festival clasclás 2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/1885

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de aprobación do gasto da contratación dos servizos de gravación de audio e produción de son da V Edición do Festival ClasClas2022, figurando no mesmo:

a adxudicación a Pablo Barreiro Rivas polo importe de 3.025,00€, con cargo á partida 3261-22609.

E debendo figurar:

A adxudicación a Dona Cristina Durán Recuna polo importe de 4.961,00 €, con cargo á partida 621.22706 do Proxecto do Orzamento con código 2022-3-POS22-3.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2022/1863

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa BAYGAR SL para reparación da minipá varredora Mustang, matrícula E1063BDJ, adscrita ao citado Servizo, por un importe total de 2.572,52 € (IVE incluído), con cargo á partida 1720.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2022/1867

A pandemia provocada polo COVID-19 supuxo que o servizo de limpeza en moitas instalacións municipais tiveron que ser ampliados en base aos protocolos que foron establecidos.

Ese servizo extraordinario continúa a ser prestado por Clece, S.A. na oficina municipal de información turística, na Praza da Peixería, por un importe mensual de 139.19 € IVE engadido.

Considerase que xa non resulta preciso ese reforzo na limpeza, polo que a Xunta de Goberno Local acorda a baixa do citado servizo.

CULTURA

notificacións xgl 06-06-2022notificacións xgl 06-06-2022notificacións xgl 06-06-2022

PRP2022/1860

Vista a solicitude de Comisión de Festas Virxe do Carme e do Rosario, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carmen en Vilaxoán os vindeiros días 16, 17 e 18 de xullo de 2022.

- Actuación da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa (Grupo de Gaitas) por un importe total de 841,00€, coa seguinte desagregación:

16-07-2022: 391,00€

17-07-2022: 225,00€

18-07-2022: 225,00€

- Actuación da Asociación Cultural Polifónica de Vilaxoán (Coral) por un importe total de 585,00€, actuación o día 17-07-2022.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/1869

Vista a solicitude presentada por Don Manuel Oubiña Saavedra, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334.22609, con motivo da celebración da Festividade na honra da Virxe do Carmen en Sobradelo o vindeiros día 16 de xullo de 2022.

- Actuación da Coral de Sobradelo por un importe total de 391,00€, actuación o día 16-07-2022.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2022/1844

Dáse conta do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Fundación "La Caixa" para a realización da exposición "Otros Mundos. Viaje por el sistema solar de la mano de Michael Benson", na Avda. da Mariña nº 15 (fronte á antiga Comandancia) que se desenvolverá, contando coa montaxe e desmontaxe entre o 24 de xuño e o 28 de xullo de 2022, sendo as datas de apertura ao público do 28 de xuño ao 18 de xullo de 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinatura do citado convenio.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2022/1845

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura para a realización dun circuío de Teatro por 4 centros socioculturais das parroquias, finalizando coa última función no Salón García, no que se porán en escena 12 fragmentos seleccionados e de curta duración, 3 en cada centro sociocultural, e 1 obra completa a realizar no Salón García, adaptadas ao dinamismo que se quere impulsar e que fomenten a asistencia das veciñanzas non só de cada parroquia senón tamén de calquera veciño que queira achegarse á cada función.

A proposta de programación sería a seguinte:

CENTROS PREVISTOS	DATA
CENTRO SOCIOCULTURAL DE BAMIO	Sábado 20 de agosto
CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTECARMOA	Sábado 27 de agosto
CENTRO SOCIOCULTURAL DE RUBIÁNS	Sábado 3 de setembro
CENTRO SOCIOCULTURAL DE GUILLÁN	Sábado 17 de setembro
SALÓN GARCÍA	Sábado 19 de novembro

O orzamento ascende a dous mil cincocentos euros (2.500,00€.-) sen IVE, distribuídos do seguinte xeito:

FUNCIÓN	ORZAMENTO
CENTRO SOCIOCULTURAL DE BAMIO	500,00€.-
CENTRO SOCIOCULTURAL DE FONTECARMOA	500,00€.-
CENTRO SOCIOCULTURAL DE RUBIÁNS	500,00€.-
CENTRO SOCIOCULTURAL DE GUILLÁN	500,00€.-
SALÓN GARCÍA	500,00€.-

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a programación prevista e o orzamento presentado por Taller de Teatro Clámide, para a realización do Circuito de Teatro polo importe total de

2.500,00 €, con cargo á partida 334.22609.

CONTRATACIÓN

PRP2022/1789

Dáse conta de escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que indican a non admisión de solicitude por extemporanea para a tramitación do proxecto modificado do investimento "Reforma edificación para albergue de Peregrinos-Carril" e aplicación da baixa producida na adxudicación do contato, ao abeiro do Plan Concellos 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/1829

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Coordinación de seguridade e saúde da obra de Humanización na Rúa Arcebispo Lago" ao Arquitecto Técnico D. Jose M. Millán Armas, por importe de 6.000,00 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 1.260,00 €, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 7.260,00 €, ce conformidade coa oferta presentada, con cargo á partida 150.640.

PRP2022/1890

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado Público e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda o nomeamento do enxeñeiro técnico, ao servizo do concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, da obra "Construción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro, en Castrogudin. REVISION 01"

PRP2022/1892

Vista a proposta da Concellería de Policía Local, Seguridade Cidadá e Emerxencias, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de obras de sinalización horizontal nas rúas de Pablo Picasso, Valle-Inclán, Avda. Pereiro Aguilar e Julio Camba no Concello de Vilagarcía de Arousa, á Mercantil Galega de Carteis, S.L. (B36778314), por un importe de 9.104,43 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.911,93 €, o que totaliza un orzamento de adxudicación de 11.016,36 €, con cargo á partida 132.22108.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/1832

Visto o expediente integrado polo xustificante de gasto con N° de Rexistro 2022/1663, por importe de 526,12€ emitido pola empresa INSERPyme GLOBAL, S.A., adxudicataria do contrato para o proxecto denominado "SUBMINISTRO Y PROGRAMACIÓN LICENCIAS LP USER" PREST(2)N°01/15/2021.

Vista a fiscalización favorable de Intervención municipal incorporada ao expediente.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de obriga para o rexistro N° 2022/1663, derivada da execución do contrato "SUBMINISTRO Y PROGRAMACIÓN LICENCIAS LP USER" dentro do proxecto de gasto PREST(2)N°01/15/2021 por importe de 526.12€, co seguinte desglose:

REG.	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
------	-----------------	------------	---------	--------	-------	--------	-------------------

PRP2022/1861

Visto o expediente de gasto INT/2022/000227 integrado pola relación de xustificantes F/2022/54 por importe de 3.954,34€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/54 por importe de 3.954,34€, co seguinte desglose:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Progr.	Econ.	Nombre	Texto Explicativo
F/2022/1990	1220333550	31/03/2022	372,38	160	213	GRUPO ELECTRO STOCKS, S.L.U.	TUBO TERMO.C/ADHESIVO-D.8MM-P.MEDIA-NEGRO / TUBO TERMO.C/ADHESIVO-D.12MM-P.MEDIA-NEGRO / TUBO TERMO.C/ADHESIVO-D.22MM-P.
F/2022/1993	22 1571	30/03/2022	50,57	334	213	SOBRINO G, S.A.	NAVAJA ELECTRICISTA 00170-7"" 3C / ALICATE UNIV HR 160mm / ALICATE CORTE DIAG 160mm / DESTORN RECTA 191 3x0,75 / DESTORN
F/2022/1994	22 1570	30/03/2022	120,31	334	212	SOBRINO G, S.A.	TORNILLO EXAG 933 10x50 INOX / TUERCA 934 10 INOX / SPRAY NEGRO MATE 9005 400ml / TUBO SANIT PVC B 90x3
F/2022/1997	22 1567	30/03/2022	47,36	160	213	SOBRINO G, S.A.	DISCO C/INOX 115x1x22
F/2022/2009	0214800009522F	31/03/2022	742,60	334	22700	CLECE, S.A.	Incremento de frecuencia de limpieza de la instalacion BAJOS DEL AUDITORIO (JARDINES Y ELECTRICIDAD), correspondiente al
F/2022/2017	C-008 22	17/02/2022	574,75	160	213	DIEGUEZ, S.L.	ORDEN DE COMPRA Nº7492 - ORDEN DE SERVICIO:161. FECHA 17-02-22. SANEAMIENTO-ABAST.DISTR. AGUA. PRESUPUESTO 17-02-22 ALB.0
F/2022/2018	C-009 22	21/02/2022	227,48	160	213	DIEGUEZ, S.L.	ORDEN DE COMPRA Nº7493. ORDEN DE SERVICIO:161. FECHA 21-02-22. SANEAMIENTO-ABAST.DISTR.AGUA. PRESUPUESTO 21-02-22. ALB 0758
F/2022/2019	C-010 22	25/02/2022	337,83	920	213	DIEGUEZ, S.L.	ORDEN DE COMPRA Nº7490. ORDEN DE SERVICIO:161. FECHA 25-02-22. SANEAMIENTO-ABAST.DISTR.AGUA. PRESUPUESTO 25-02-22. ALBN.075
F/2022/2032	C-007 22	01/02/2022	425,07	160	213	DIEGUEZ, S.L.	ORDEN DE COMPRA Nº7491. ORDEN DE SERVICIO:161. FECHA 01-02-22. SANEAMIENTO-ABAST. DISTR.AGUA. PRESUPUESTO 01-02-22 ALB.0
F/2022/2036	F-004 22	16/03/2022	456,17	165	214	ALDIESA, S.L.U.	ORDEN DE COMPRA Nº 7518. FECHA: 16/03/2022. CODIGO SERVICIO Y SERVICIO 165-ALUMEADO PÚBLICO. NTRA RFº Presupuesto M004-2
F/2022/20352	2200692	31/03/2022	599,82	334	212	ESCAVOLAS DEL LEREZ, S.L.	HERAKUSTIK FINE-35 VK10 60*60 / HERAKUSTIK FINE-35 VK10 60*120
		TOTAL	3.954,34				

PRP2022/1865

Visto o expediente de gasto derivado da relación de facturas F/2022/37 por importe de 44.994,47 €.

ista a Base 21ª.1 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal poderanse aplicar aos créditos do orzamento, no momento do seu recoñecemento, as obrigas, aínda correspondendo a gastos de exercicios anteriores a que se refire o parágrafo segundo do artigo 26 do R.D. 500/90 do 20 de abril.

Vistas a base 21ª.2 das B.E.O 2021 prorrogadas ao exercicio 2022, pola cal enténdese por práctica administrativa contable e se exceptúan do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito:

- Contratos de subministro ou de servizos que sexan de tracto sucesivo e correspondan como máximo o derradeiro trimestre do exercicio inmediatamente anterior que, habitualmente, se presenta a principios do exercicio seguinte, sempre que se verifique que polo mesmo concepto non se apliquen con cargo a un mesmo orzamento máis de 12 meses naturais.
- Contratos de subministro ou de servizos para os que o seu período de facturación non sexa mensual segundo o contrato, sendo o último mes do período de facturación o de decembro.
- Contratos menores executados con data 30/31 de decembro, e resulte materialmente imposible o seu rexistro contable no exercicio económico o que corresponden, sempre e cando a natureza e entidade económica do gasto non comprometa a finalidade do principio de temporalidade dos créditos, aspectos que deberá valorarse pola Intervención en cada caso.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

Considerando que a imputación do gasto do exercicio anterior non vai afectar ás necesidades económicas do servizo ao longo do exercicio 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2021 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente, segundo se indica.

SEGUNDO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2022/7 por importe de 44.994,47 € co seguinte desglose:

REX.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Nome Ter.	Texto Libre
F/2022 /1493	4048325647	28/02/2022	298,33	171	22199	WÜRTH ESPAÑA, S.A.	ARN-A.ANCHA-DIN522-(A2K)-10,5X30X1,5 / TU-HEX-DIN934-I81-LL17-(A2K)-M10 / RESINA-ANCLAJE-WIT-PM200-300ML / BOMBA-DE-A
F/2022 /1588	1 119	05/03/2022	302,14	132	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARAN 1576 DEL 11/12/21 / POLICIA L
F/2022 /1606	1 120	05/03/2022	209,27	132	214	JOSE FERNANDEZ GARCIA, S.L.	DIR3 CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA / OC:L01360600, UT:L01360600, OG:L01360600 / ALBARAN 1534 DEL 01/12/2021 / DEPARTA
F/2022 /1647	Emit-21 0324	27/10/2021	2.153,80	132	203	GALICOM COMUNICACIONES, S.L.	Alquiler Trimestral (del 20-10-21 al 20-01-22) sistema de Radiocomunicaciones digitales para la Policía Local compuesto
F/2022 /1794	202201	15/03/2022	0,00	3262	22799	PINTOS SILVA, JUAN JOSE	MANTEMENTO PÁXINA WEB ESCOLA DE MÚSICA. 2022
F/2022 /1794	202201	15/03/2022	21,00	3262	22799	PINTOS SILVA, JUAN JOSE	MANTEMENTO PÁXINA WEB ESCOLA DE MÚSICA. 2022
F/2022 /1794	202201	15/03/2022	100,00	3262	22799	PINTOS SILVA, JUAN JOSE	MANTEMENTO PÁXINA WEB ESCOLA DE MÚSICA. 2022
F/2022 /1823	0 V 89	31/01/2022	440,00	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL / MON REIRIS
F/2022 /1824	V 192	28/02/2022	418,00	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL / MON REIRIS
F/2022 /1825	V 191	28/02/2022	16,50	912	22699	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / ORGANOS DE GOBIERNO / MON REIRIS
F/2022 /1829	22 1823	24/03/2022	371,66	454	214	AUTOMOCION JUNQUERA, S.L.	REPARACION DEL IVECO ML180E28 K , 5479 GJC , FECHA REPARACION 07.03.22 , ORDEN TALLER 606505 / ENDEREZAR Y

							REPARAR VARIO
F/2022/1882	F 220514	30/03/2022	393,25	334	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Polípticos de 4 cuerpos a 4/4 tintas sin hendidos y plegados a 10x21 cm. REF.:PROGRAMA CULTURAL ABRIL
F/2022/1886	V-FAC-REN+ 2022-RE/FV00009621	30/03/2022	0,00	920	22706	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	BOL-623695#CR#WES111 - Página web personalizada (Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa)#CR#SUSCRIPCIÓN PERIODO 26/02/22 A
F/2022/1886	V-FAC-REN+ 2022-RE/FV00009621	30/03/2022	2.154,17	920	22706	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	BOL-623695#CR#WES111 - Página web personalizada (Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa)#CR#SUSCRIPCIÓN PERIODO 26/02/22 A
F/2022/1886	V-FAC-REN+ 2022-RE/FV00009621	30/03/2022	231,11	920	22706	WOLTERS KLUWER ESPAÑA, S.A.	BOL-623695#CR#WES111 - Página web personalizada (Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa)#CR#SUSCRIPCIÓN PERIODO 26/02/22 A
F/2022/1887	12203 11	30/03/2022	363,00	926	22602	EDICIONES LEREZ, S.L.	Banner 300x300 en la sección del Salnés del día 24 de febrero al 02 de marzo de 2022. Partida presupuestaria: Área de Co
F/2022/1888	D01 2864	30/03/2022	629,20	135	22199	PEYCAR PONTEVEDRA, S. L.	CINTA BALIZAR PERS. EMERXENCIAS VILAGARCIA (PEDIDO MÍNIMO 20 ROLLOS - ALBARAN: 278793 FECHA: 21.12.2021 SERVICIO: EME
